



PROGRAMA BOLSAS CÁTEDRA FUNDACIÓN SAN RAFAEL

2026

A Fundación San Rafael aposta pola formación e polo talento como elementos diferenciadores clave dos profesionais vinculados á saúde e aos coidados persoais. Por iso e pola súa vocación de situar ás persoas no centro das súas actividades, no ano 2019 creou un programa de bolsas de formación e perfeccionamento profesional na rama biosanitaria, que se mantén desde entón, con periodicidade anual.

En novembro do ano 2020 creouse a ***Cátedra Fundación San Rafael – UDC***, como resultado do desexo de ambas entidades (a Fundación San Rafael e a Universidade da Coruña) de formalizar un acordo que instrumente e regule as súas relacións de mutua colaboración no ámbito académico, docente e investigador, de conformidade co marco normativo constituído polo *Regulamento para a creación e xestión das cátedras e aulas institucionais da Universidade da Coruña*.

A partir da creación da *Cátedra institucional*, o Programa de bolsas da Fundación San Rafael adscíbese á *Cátedra Fundación San Rafael – UDC*. A convocatoria destas bolsas ten como propósito recoñecer valores como o traballo, a excelencia académica e a superación persoal, ademais de promover as iniciativas de perfeccionamento profesional e promoción laboral que melloren o potencial humano e científico.

A convocatoria para este ano 2026 aprobouse na reunión da Comisión de Seguimento da Cátedra celebrada o día 20 de maio de 2026, coa presenza dos seguintes membros da mesma:

- Dr. JERÓNIMO PUERTAS AGUDO, Vicerreitor de Investigación e Transferencia da UDC
- D^a DOLORES ESTRADA GROMAZ, Directora da Fundación San Rafael.

- Dr. FRANCISCO JAVIER BLANCO GARCÍA, Profesor Titular de Medicina da Universidade da Coruña, Director da *Cátedra Fundación San Rafael* - UDC.

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

As bolsas ou axudas obxecto desta convocatoria correspóndense coas tres modalidades que seguidamente se enuncian.

1. AXUDA PARA ESTANCIAS PREDOCTORAIS

OBXECTO, DOTACIÓN E PERSOAS BENEFICIARIAS:

O obxecto desta convocatoria é facilitar a doutorandos/as da rama biosanitaria matriculados nun Programa de Doutoramento da UDC, a estancia en centros de investigación, nacionais ou estranxeiros, para complementar os seus estudos de doutoramento.

Concederase unha axuda por importe de ata SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para cubrir gastos de viaxe e de estancia, debidamente xustificadas, no centro de investigación elixido polo/a doctorando/a, coa referida finalidade.

Poderán ser beneficiarios/as desta axuda os/as estudantes matriculados/as a tempo completo nun Programa de Doutoramento impartido pola UDC. Como excepción, non poderán solicitar estas axudas:

- a. Os/as contratados/as predoctorais de convocatorias públicas competitivas, como as da Xunta de Galicia e as de Formación do Profesorado Universitario (FPU) ou similares, que: (i) realizen unha estancia dun mínimo de tres meses nun centro de investigación estranxeiro cunha axuda concedida ao amparo de devanditas convocatorias; ou, (ii) que teñan concedida unha axuda para realizar no ano desta convocatoria unha estancia dun mínimo de tres meses nun centro de investigación estranxeiro.
- b. Os/as doutorandos/as que realicen unha estancia de formación e/ou investigación dunha duración mínima de tres meses sendo beneficiarios/as desta bolsa en convocatorias anteriores.
- c. Os/as doutorandos/as que teñan vinculación contractual ou estatutaria con outra universidade, institución ou centro de investigación externo á UDC.
- d. Os/as doutorandos estranxeiros/as que perciban axuda dun programa de formación de alumnos/as estranxeiros/as en España.

REQUISITOS E NORMAS:

- 1) Con carácter xeral, a duración da estancia para a que se poderá solicitar e, no seu caso, conceder a bolsa terá unha duración mínima de tres meses e máxima de seis, debendo completarse antes do inicio da convocatoria de bolsas Cátedra Fundación San Rafael-UDC do ano 2027. No entanto, en situacións de carácter excepcional e debidamente xustificadas, a Comisión de Seguimento da Cátedra poderá prorrogar este prazo.
- 2) Soamente se poderá conceder unha bolsa por cada persoa solicitante e os requisitos desta convocatoria deben cumprirse na data de inicio da estancia.
- 3) Esta bolsa é incompatible con calquera outra obtida para a mesma finalidade que a que constitúe o obxecto desta convocatoria. Con todo, poderase complementar o custo da estancia a cargo de proxectos ou outros fondos de investigación, do grupo de investigación ou do departamento do que forme parte o/a solicitante, que estean relacionados con esta acción e que recollan este concepto, sempre que o importe das cantidades percibidas, illada ou conxuntamente, non superen o custo total da estancia. En tal caso, deberá presentarse xustificante dos gastos incurridos e relación detallada das partidas con cargo ás que se financiaron.
- 4) Os/as doutorandos/as deben axustar a súa actuación ás normas do centro de investigación ao que se incorporen ou no que realicen a estancia formativa ou investigadora e desempeñar a súa actividade en réxime de dedicación exclusiva.
- 5) No prazo dun mes tras a finalización da estancia, os/as beneficiarios/as deberán remitir a “*Cátedra Fundación San Rafael - UDC*” a seguinte documentación:
 - Informe do traballo realizado durante a estancia para a que obtiveron a bolsa, que se deberá remitir tamén en formato electrónico (.doc ou .pdf, non escaneado).
 - Certificado da estancia emitido polo representante legal da institución ou centro de destino, no que consten as datas de inicio e de finalización da estancia. No caso de complementarse os custos da estancia con cargo a proxectos ou outros fondos de investigación, presentárase un certificado de gastos coas imputacións ás diferentes partidas orzamentarias e co visto e prace do/a responsable de asuntos económicos do centro da UDC que xestione as partidas orzamentarias con cargo ás que se realizaron os pagamentos. No caso de non complementarse os custos de viaxe, deberase entregar unha declaración responsable asinada pola persoa beneficiaria.
 - Presentar unha memoria final científica con todos os resultados obtidos durante a estancia no centro de investigación.

- 6) Os/as beneficiarios/as da bolsa deberán facer constar nos agradecementos dos traballos ou publicacións resultantes desta estancia o financiamento recibido a través desta convocatoria de bolsas da *Cátedra Fundación San Rafael - UDC*.
- 7) Os/as beneficiarios/as da bolsa asumen o compromiso de defender a súa Tese de Doutoramento na UDC, sen prexuízo de que poida ser realizada en réxime de codirección ou de cotutela por un/unha investigador/a doutra Universidade ou centro de investigación. No caso de que a estancia sexa realizada nun centro de investigación estranxeiro, o beneficiario deberá obter a mención internacional. No seu momento, deberán proporcionar unha copia da Tese de Doutoramento e a acreditación da obtención do Doutoramento. A *Cátedra Fundación San Rafael - UDC* resérvase o dereito de auditar o desenvolvemento da tese, en calquera momento que xulgue oportuno e poderá convocar ao beneficiario para facer públicos os seus resultados máis destacados no curso dunha reunión científica.
- 8) Os/as beneficiarios/as da bolsa que se propoñan realizar unha estancia nun centro de investigación estranxeiro deberán dispor dunha cobertura de seguro médico - sanitario axeitada para realizar a súa estancia. Ademais, serán os responsables de contratar os seguros necesarios para cubrir os riscos derivados da súa estancia.

Respecto da **Solicitud da Bolsa (Anexo I)**, esta deberá conter as seguintes especificacións:

1. Autorización da estancia pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento e copia da solicitude de admisión no centro de investigación de destino.
2. Documento que acredite a admisión na entidade para a que se solicita a estancia. Se esta está en trámite, entregárase copia da correspondencia que se mantivo para tal fin.
3. *Curriculum Vitae*, preferentemente nun formato oficial (CVN ou similar).
4. Certificación académica de estudos na que consten: cualificacións obtidas, datas de obtención e número de convocatorias consumidas en cada materia, nota media do expediente e nota media da promoción.
5. Xustificación da estancia e compromiso de defensa da Tese de Doutoramento.
6. As persoas contratadas con cargo a proxectos ou convenios de investigación deberán presentar ademais **copia do contrato** (debe estar vixente durante todo o período de realización da estancia) e **autorización do/a investigador/a responsable** do contrato do/da solicitante.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

Finalizado o período de presentación de solicitudes, a Comisión de Seguimento da Cátedra avaliará e seleccionará as solicitudes presentadas de acordo cos seguintes criterios:

- Expediente académico de Grao (e, no seu caso, de Licenciatura): ata 3 puntos.
- Expediente académico do Mestrado Universitario que deu acceso ao Doutoramento: ata 2 puntos.
- Premio extraordinario da titulación (Grao / Licenciatura): ata 1 punto.
- Interese da estancia para os obxectivos de elaboración da Tese de Doutoramento: ata 2 puntos.

As solicitudes recibidas que cumpran coas bases desta convocatoria serán obxecto de prelación de conformidade cos criterios que preceden. A Comisión de Seguimento da Cátedra, no caso de resultar necesarios, poderá arbitrar criterios adicionais para avaliar, seleccionar as solicitudes e realizar a oportuna prelación.

2. AXUDAS POST DOUTORAIS

OBXECTO, DOTACIÓN E PERSOAS BENEFICIARIAS:

O obxecto desta convocatoria é a formación de persoal investigador doutor coa finalidade de permitir dar continuidade á súa formación e axudar ao establecemento dunha traxectoria investigadora propia e sólida.

Concederase unha axuda por importe de ata seis mil euros (6.000,00 €) para cubrir gastos do proxecto.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aquelas persoas investigadoras con título de doutor na área de Ciencias da Saúde que queiran iniciar ou ben xa estean a realizar a súa etapa de formación postdoutoral na UDC.

As persoas que soliciten estas axudas deberán cumprir, antes da data límite de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter obtido o título de Doutor/a en calquera Universidade do Sistema Universitario Galego, española ou doutro Estado do EES entre os anos 2024 e 2026, ambos incluídos.
- Ter obtido o título de Doutor/a nunha das áreas de coñecemento de Ciencias da Saúde.
- Desenvolver a súa actividade de investigación postdoutoral nun Grupo de Investigación do Catálogo de Investigación da UDC.

REQUISITOS E NORMAS:

Respecto da solicitude da Bolsa, esta deberá conter as seguintes especificacións:

- Os datos persoais do/da solicitante, incluída a data de defensa da súa Tese de Doutoramento, a Universidade na que obtivo o título de doutor/a e a cualificación obtida.
- O Grupo de Investigación no que está integrada o no que vai integrarse a persoa investigadora solicitante ou o "Laboratorio Receptor" da UDC.
- Memoria xustificativa do proxecto investigador para o que solicita a axuda – ("Resumo do Proxecto"). A *Memoria* deberá estruturarse nos seguintes apartados:
 1. Grao de desenvolvemento da investigación que se realiza na actualidade.
 2. Obxectivos do proxecto que está a realizar ou vai realizar (ata un máximo de 600 palabras).
 3. Plan de traballo proposto para o que vai destinado a axuda solicitada (ata un máximo de 400 palabras).
 4. Idoneidade e calidade do centro de destino no que se vai a realizar a investigación.
 5. Relación da actividade investigadora do grupo de investigación da UDC ao que vai ou no que está a traballar (ata un máximo de 200 palabras).
 6. Listaxe de cinco (5) contribucións do grupo de investigación no que vai ou está a traballar dos últimos cinco anos (publicacións, patentes e/ou proxectos de investigación do grupo de investigación de destino).

A persoa investigadora solicitante da axuda deberá achegar a seguinte documentación:

- Formulario Solicitude: datos persoais do solicitante, incluída a data de defensa da Tese de Doutoramento e a cualificación obtida.
- Copia do título Doutor/a ou resgardo acreditativo da solicitude título de Doutor/a.
- *Currículo Vitae*, preferentemente nun formato oficial (CVN ou similar).
- Carta de aceptación emitida polo/a Coordinador/a do Grupo de Investigación receptor da UDC.

Finalizada a estancia, o/a beneficiario/a deberá achegar, no prazo de 30 días naturais contados desde a referida data:

1. Memoria final do proxecto realizado especificando dentro do posible como influíu a axuda no desenvolvemento do proxecto (máximo 1000 palabras).

2. Certificado do Grupo de Investigación no seo do que desenvolveu o seu proxecto de investigación, asinado polo seu Coordinador/a.
3. Resumo, en formato divulgativo, dos resultados obtidos (máximo 200 palabras)
4. O/A beneficiario/a deberá facer mención ao programa de axudas da Cátedra Fundación San Rafael - UDC en calquera publicación que resulte da estancia realizada.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O baremo de avaliación e selección dos/das candidatos/as basearase nos seguintes criterios:

- a) Calidade do historial académico e investigador do/da solicitante. O CV será avaliado de acordo co grao de experiencia do/da solicitante (CV e experiencia do/da investigador/a, ata un máximo de 5 puntos sobre 10).
- b) Memoria xustificativa do financiamento solicitado (un máximo de 3 puntos sobre 10)
- c) Calidade do proxecto presentado e grao de desenvolvemento da investigación (ata un máximo de 1 punto sobre 10).
- d) Idoneidade e calidade do Grupo de Investigación da UDC no que se vai incorporar ou no que está incorporada a persoa investigadora (ata un máximo de 1 punto sobre 10).

3. ATRACCIÓN DE TALENTO

OBJECTO, DOTACIÓN E PERSOAS BENEFICIARIAS:

A través deste Programa preténdese reforzar a colaboración internacional da Fundación San Rafael, a UDC e o estudiantado de países Iberoamericanos. Constitúen obxectivos específicos desta modalidade do programa de bolsas:

1. Estimular a participación de estudantes de países iberoamericanos en estudos de Mestrado Universitario impartidos pola UDC.
2. Facilitar a mobilidade, con carácter formativo, de estudantes iberoamericanos.
3. Dar visibilidade á UDC e á Fundación San Rafael nos países iberoamericanos.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas estudantes (Graduados ou Licenciados) procedentes de universidades de países iberoamericanos interesados en cursar un Mestrado Universitario na UDC.

Concederase unha bolsa por importe de ata seis mil euros (6.000,00 €).

REQUISITOS E NORMAS:

O/A solicitante da axuda deberá achegar a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude debidamente cuberto.
- Mestrado da UDC na área das ciencias da saúde e biomédicas no que estea admitido.
- *Curriculum Vitae* (ata 3 páxinas).
- Carta da UDC acreditando que o/a estudante foi aceptado/a para matricularse no Mestrado Universitario da UDC ou, no seu caso, compromiso de admisión emitido pola unidade administrativa responsable ou polo/a coordinador/a do Mestrado.
- Presentación do proxecto de formación, incluíndo descrición do centro onde se vai a realizar, tipo de estudos, curso ou titulación, programa, duración e horarios.
- Aceptación do compromiso de completar o Mestrado Universitario para o que se concede a bolsa.
- Exposición de argumentos nos que se fundamenta o interese do proxecto.
- A acreditación da formalización da matrícula no prazo máximo dun ano desde a data de concesión da bolsa. En caso de non cumprir tempestivamente con este requisito, considerarase, de maneira automática, que o/a solicitante decae nos seus dereitos como beneficiario/a da mesma.

Finalizada a estancia, o/a beneficiario/a deberá achegar, no prazo de 30 días contados desde aquela data, a seguinte documentación:

- Memoria final da estancia (máximo 1000 palabras).
- Certificado acreditativo de ter superado o Mestrado Universitario para o que se concedeu a axuda.
- Resumo en formato divulgativo que poderá utilizarse na promoción do programa de mobilidade por parte da *Cátedra FSR-UDC*, dos resultados obtidos (máximo 200 palabras).
- O/A beneficiario/a deberá facer mención ao programa de axudas en calquera publicación que resulte da estancia realizada.

CRITERIOS DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN:

A avaliación e a priorización das solicitudes recibidas levarase a cabo pola Comisión de Seguimento da *Cátedra* en réxime de concorrencia competitiva.

O baremo de avaliación basearase na calidade do solicitante, que se cuantificará en atención ao seu CV, á súa experiencia investigadora e, no seu caso, laboral do mesmo.

CONDICIÓNS XERAIS E COMÚNS ÁS TRES CONVOCATORIAS DE BOLSAS:

O feito de participar nesta convocatoria de bolsas supón, por parte do/da solicitante, a aceptación expresa, tanto destas bases, como dos criterios e decisións da Comisión de Seguimento da *Cátedra Fundación San Rafael – UDC*.

Así mesmo, o/a beneficiario/a da bolsa acepta que se poida dar publicidade á concesión da bolsa, incluíndo a identidade do/da beneficiario/a, así como a utilizar a súa imaxe con este fin, a través dos medios de comunicación e difusión, incluíndo expresamente as redes sociais da propia *Cátedra Fundación San Rafael - UDC*, que esta considere pertinentes, así como as da Fundación e as da UDC.

A ocultación ou o falseamento de información relevante que afecte a calquera dos aspectos requiridos para ser beneficiario/a dunha bolsa por parte do/da solicitante seleccionado/a, será causa de exclusión automática do Programa de bolsas. Igualmente, o/a beneficiario/a será excluído/a no caso de que, da documentación proporcionada xunto coa solicitude, descubríse o incumprimento dalgún dos requisitos esixidos para participar nesta convocatoria.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

A presentación das solicitudes, xunto coa documentación que debe acompañalas, pode facerse por medio de correo postal ou electrónico dirixido ás seguintes direccións:

CÁTEDRA FUNDACIÓN SAN RAFAEL - UDC

Fundación San Rafael

Costa da Palloza, núm. 4; 15006 - A Coruña (España)

E-mail: catedra@fundacionsanrafael.org

Teléfono: (+34) 981-909001

O prazo de presentación de solicitudes finaliza ás 24:00 horas do día 30 de novembro de 2026.

PROCEDIMENTO PARA O PAGAMENTO DA BOLSA CONCEDIDA:

Na modalidade de **Axudas para estancias Predoctorais**, o 70% do importe da axuda farase efectivo á persoa beneficiaria no prazo dous meses desde a publicación da resolución de concesión. O 30% restante do importe abonarase á persoa beneficiaria no prazo de dous meses desde a recepción da documentación que refire o punto 5 dos “*Requisitos e Normas*” desta modalidade, unha vez que a Comisión de Seguimento da Cátedra manifeste a súa conformidade e procederá a comunicalo ao Vicerreitorado de Profesorado, encargado de tramitar o pago.

Na modalidade de **Axudas Postdoctorais**, o 70% do importe da Axuda farase efectivo á persoa beneficiaria no prazo dous meses desde a publicación da resolución de concesión e o 30% restante no momento en que a persoa beneficiaria teña presentado a memoria final conforme ás previsións desta convocatoria.

Na modalidade de **Atracción de Talento**, a bolsa abonarase mediante o pago directo desde a Cátedra institucional á UDC dos custos de matrícula (taxas e demais conceptos que inclúa a matrícula) do/da beneficiario/a no Mestrado Universitario para cuxa realización se solicitou e obtido a bolsa; abonándose ao/á alumno/a os custos de viaxe e de estancia, ata o importe máximo da contía da bolsa, debendo xustificar e acreditar o importe destes gastos, mediante a achega das correspondentes facturas.

Estas bolsas, de acordo co disposto o apartado segundo do artigo 7.j da Lei 35/2006, do 28 de novembro, *do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio* e preceptos concordantes, están exentas deste imposto.

RESOLUCIÓN:

A Comisión de Seguimento da Cátedra examinará as solicitudes e resolverá a asignación das mesmas de conformidade coas presentes bases, así como a prelación dos solicitantes admitidos, por cumprir as bases da convocatoria, pero que non resultaron beneficiarios das bolsas e que poderán optar ás mesmas en caso de non aceptación ou de renuncia dalgún/a dos/as beneficiarios/as. A decisión da Comisión de Seguimento da Cátedra será comunicada ao Padroado da Fundación San Rafael, que ratificará a decisión adoptada por devandita *Comisión de Seguimento*.

A adxudicación das bolsas é persoal, intransferible e indivisible e será comunicada pola *Cátedra Fundación San Rafael -UDC* á persoa beneficiaria das mesmas.

O feito de participar nesta convocatoria supón, por parte do candidato/a, a aceptación expresa, tanto destas bases, como dos criterios e decisións que adopte a *Comisión de Seguimento da Cátedra*. A Resolución da *Comisión de Seguimento da Cátedra* non será recorrible.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA:

No prazo de sete (7) días hábiles na cidade da Coruña tras a comunicación da concesión da bolsa, cada persoa beneficiaria deberá comunicar a aceptación da mesma de forma expresa a través dun correo electrónico dirixido a catedra@fundacionsanrafael.org. **A falta desta comunicación en devandito prazo entenderase como renuncia á bolsa**, procedendo a *Comisión de Seguimento da Cátedra* a adxudicar a bolsa non aceptada ao seguinte solicitante que non obtivo bolsa, segundo a orde de prelación establecida na resolución definitiva das bolsas.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

A Cátedra Fundación San Rafael - UDC cumpre integramente a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e mantén especialmente o compromiso de confidencialidade sobre calquera dato persoal achegado polos solicitantes.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	FUNDACIÓN I.M.Q. SAN RAFAEL N.I.F. G-70.461.223. Domicilio: Costa da Palloza, núm. 4, 15.006 - A Coruña.
PROCEDENCIA DOS DATOS	Obtivemos os datos persoais pola súa participación na convocatoria de bolsas Cátedra Fundación San Rafael-UDC.
FINALIDADE DO TRATAMENTO	Os seus datos serán utilizados exclusivamente para xestionar a súa participación na convocatoria de bolsas Cátedra Fundación San Rafael-UDC.
LEGITIMACIÓN PARA TRATAR Os DATOS	A base lexítima do tratamento é o consentimento do solicitante para participar na convocatoria de bolsas Cátedra Fundación San Rafael-UDC, manifestado ao enviar/presentar a súa solicitude e/ou ao asinar o presente documento.
DESTINATARIOS DOS DATOS	A participación do solicitante nalgunha das actividades de formación para a que se lle concede a bolsa pode implicar a comunicación dos seus datos de carácter persoal a terceiros que resulten necesarios conforme a Lei, os provedores de servizos na súa condición de encargados do tratamento, así como a terceiros que colaboren na organización daquelas actividades, que tratarán os mesmos aos exclusivos fins de realizar cantas xestións sexan necesarias para a realización da actividade ou proxecto formativo.
DURACIÓN DO TRATAMENTO	A FUNDACIÓN tratará os seus datos durante o tempo necesario para tramitar a súa participación na

	convocatoria anual de bolsas da Fundación, máis un prazo adicional correspondente á prescrición de posibles responsabilidades penais, civís, mercantís e/ou administrativas.
<i>DEREITOS DOS TITULARES DOS DATOS</i>	Como titular dos datos ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os seus datos persoais das nosas bases de datos, así como, a retirar o consentimento. A normativa de Protección de Datos concédelle outros dereitos nesta materia que pode consultar na nosa páxina web: www.fundacionsanrafael.org
<i>ONDE PODO EXERCITAR OS MEUS DEREITOS E OBTENIR MÁIS INFORMACIÓN?</i>	Para o exercicio de calquera destes dereitos pode dirixirse a FUNDACIÓN I.M.Q. SAN RAFAEL, con domicilio en Costa da Palloza, núm. 4, 15.006 - A Coruña.; ou ben a través dun correo electrónico á dirección catedra@fundacionsanrafael.org

D./Dna. _____ con NIF _____ lín a
Información de Protección de Datos e autorizo o tratamento dos meus datos persoais
nos termos anteriormente establecidos.

Sinatura: _____

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE BOLSAS DA CÁTEDRA FUNDACIÓN SAN RAFAEL-UDC (CONVOCATORIA 2026)

1.- DATOS PERSOAIS DO/DA SOLICITANTE

D/Dª _____

D.N.I./Tarxeta de residencia¹

Data de nacemento ____/____/____ Lugar de nacemento _____

Domicilio _____ Núm. ____ , Piso e Letra _____

Poboación (Localidade) _____

Provincia _____

País _____

C.P. _____ Teléfono _____

Enderezo electrónico _____

2.- MODALIDADE DE BOLSA

___ PREDOCTORAL

___ POSTDOCTORAL

___ ATRACCIÓN DE TALENTO

3.- DATOS DO PROGRAMA FORMATIVO PARA O QUE SOLICITA A BOLSA

Institución na que realizará o programa formativo²: _____

Datos da institución na que realizará o programa (dirección postal, nome da persoa de contacto): _____

Obxecto do programa²: _____

¹ Debe aportar fotocopia do mesmo, xunto co presente modelo de solicitude.

² Pode aportar canta documentación acreditativa do mesmo considere axeitada.

Datas nas que se realizará o programa: _____

Importe da matrícula ou custo do programa formativo (en €): _____

D./D^a _____, con D.N.I. / N.I.E.
_____ e con domicilio en _____, DECLARA BAIXO A SÚA
RESPONSABILIDADE:

1º) Que acepta as bases da Convocatoria 2026 de bolsas da Cátedra Fundación San Rafael - UDC e, en particular: **a)** A cesión dos seus datos persoais á Cátedra Fundación San Rafael -UDC aos efectos necesarios vinculados á tramitación desta solicitude, a súa resolución e, no seu caso, o pagamento da mesma, no caso de resultar beneficiario, sen que a Fundación os ceda a ningunha outra entidade sen o previo e expreso consentimento do titular dos mesmos. **b)** Que a Cátedra Fundación San Rafael - UDC poida dar publicidade á concesión da bolsa, incluíndo a identidade do beneficiario, así como a utilizar a súa imaxe con este fin, a través dos medios de comunicación e difusión, incluíndo expresamente as redes sociais da propia Fundación San Rafael, que esta considere pertinentes.

2º) Que son veraces os datos indicados na presente solicitude e na documentación que se acompaña á mesma.

3º) Que queda decatado das condicións establecidas na Convocatoria 2026 do Programa de Bolsas Cátedra Fundación San Rafael - UDC e que, no caso de incumprimento dos compromisos contraídos polo bolseiro en relación coas referidas bases, a Cátedra Fundación San Rafael - UDC resérvase o dereito a esixir ao/á beneficiario/a incumplidor/a das bases a devolución das cantidades recibidas en concepto de bolsa.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2026

Asdo: _____

Sinatura do solicitante

NON ESQUEZA ASINAR A SOLICITUDE! A AUSENCIA DE SINATURA É MOTIVO DE NON ADMISIÓN DA MESMA

Á COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA CATEDRA FUNDACIÓN SAN RAFAEL - UDC

C/ Costa da Palloza, núm. 4; 15.006 – A Coruña